

INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA:

http://www.usc.es/gl/servizos/cultura/veran/2015/curso_0031.html

O prazo de inscrición comeza o 11 de maio e remata o 21 de agosto de 2015.

Prezo: Xeral 70 Eur / Reducido 40 Eur, + seguro

Recoñecido pola USC con 1 crédito ECTS / Libre configuración

Información e contacto: xornadas.contaminacionluminica@usc.es

OBXECTIVOS:

O obxectivo destas Xornadas é ofrecer un espazo de encontro e de formación multidisciplinar sobre o problema da Contaminación Lumínica, unha nova fronteira do coñecemento con repercusións directas sobre as decisións públicas en materia de iluminación sostible. As Xornadas enmárcanse dentro das celebracións na Universidade de Santiago de Compostela do "Ano Internacional da Luz e das Tecnoloxías baseadas na Luz" proclamado pola Organización das Nacións Unidas para 2015.

DIRIXIDAS A:

- Persoal investigador e investigadores en formación nos campos da astronomía, bioloxía, ecoloxía, fisioloxía, saúde pública, xestión da enerxía, conservación do patrimonio inmaterial, turismo, deseño urbano.
- Persoal investigador e investigadores en formación da Rede Española de Estudos sobre a Contaminación Lumínica (REECL).
- Xornalistas e persoas adicadas á divulgación científica.
- Membros da Comunidade Universitaria.
- Técnicos e responsables municipais da área de iluminación
- Empresas do sector da iluminación.
- Público en xeral interesado neste tema.

Dirección:

Salvador Bará (salva.bara@usc.es) e Josefina F. Ling (josefinaf.ling@usc.es)

Coa colaboración de:



VICERREITORÍA DE OFERTA DOCENTE
E INNOVACIÓN EDUCATIVA



CONTAMINACIÓN LUMÍNICA: UNHA NOVA FRONTEIRA

2, 3 e 4 de setembro de 2015
Facultade de Óptica e Optometría da USC
Campus Vida
Santiago de Compostela. Galicia.

Organizadas por



Laboratorio de Contaminación Lumínica
LPL-USC
Light Pollution Lab



PROGRAMA

Mércores 2 de setembro

09:00	Recollida de documentación
10:00-10:30	Apertura das Xornadas
10.30-11.30	Conferencia: Contaminación Lumínica: Un reto para o século XXI (Salvador Bará, USC)
11:30-12:00	Sesión de pósters
12:00-14:00	Comunicacións: Avances recentes na investigación sobre Contaminación Lumínica (I)
16:00-18:00	Obradoiro: Sistemas low cost para a medida da Contaminación Lumínica: detectores e cámaras all-sky (Jaime Zamorano Calvo, UCM)
18:00-19:00	Sesión de pósters
19.00-20.00	Conferencia: Uso de imaxes de satélite para a monitorización e control da Contaminación Lumínica (Alejandro Sánchez de Miguel, UCM; Jaime Zamorano, UCM)
20:00-21:00	Visita guiada ao Observatorio Astronómico "Ramón María Aller", Campus da USC

Xoves 3 de setembro

09:30-10:30	Conferencia: Novas tecnoloxías LED para iluminación sostible (Javier Díaz Castro, OTPC-IAC)
10:30-12:00	Conferencia: Proxectos de iluminación con orientación medioambiental: Lexislación e Responsabilidade Social Empresarial (Manuel García Gil, UPC; Josep M. Ollé, Concello de Reus; Ángela Ranea Palma, CMAYOT)
12:00-12:30	Sesión de pósters
12:30-14:00	Conferencia: Contaminación Lumínica e saúde (María de los Ángeles Rol de Lama, UM)
16:00-18:00	Comunicacións: Avances recentes na investigación sobre Contaminación Lumínica (II)
18:00-18:30	Sesión de pósters
18.30-20.00	Obradoiro: Colaboracións Pro-Am e Proxectos de Ciencia Cidadá (Alejandro Sánchez de Miguel, UCM; Salvador Bará, USC)

Venres 4 de setembro

09:15	Saída en autobús cara Vigo. Chegada ao Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
-------	---

11.00-11.30	Visita ás instalacións do Centro
11:30-12:30	Conferencia: Impactos ecolóxicos e medioambientais da Contaminación Lumínica (Ángel Morales Rubio e Enric Marco Soler, UV)
12:30-13:30	Conferencia: O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia: Turismo sostible e calidade do ceo (José Antonio Fernández Bouzas, Director-Conservador do PNMTIAG)
13:30-14:00	Sesión de Clausura
16:30	Regreso en autobús a Santiago de Compostela

ENVÍO DE COMUNICACIÓNS

Cada persoa matriculada nestas Xornadas poderá enviar até tres comunicacións, en formato oral ou póster, que serán avaliadas para a súa aceptación polo Comité Científico. A tal fin as persoas interesadas deben enviar antes do 30 de xuño de 2015 ao enderezo xornadas.contaminacionluminica@usc.es un resume de cada comunicación en arquivo de texto (.txt), Word (.doc), LibreOffice (.odt) ou Adobe (.pdf) que conteña a seguinte información:

Nome das e dos autores - Organismo de investigación ou entidade á que pertencen - Enderezo de correo-e para contacto - Título da comunicación - Resume da comunicación (máximo 2000 caracteres, con espazos incluídos) - Formato preferido de presentación: oral / póster

As comunicacións orais ou pósters poderán presentarse nas Xornadas en calquera dos seguintes idiomas: Galego, Inglés, Portugués e Castelán. Os resúmenes tamén, aínda que para facilitar a súa revisión polos membros do Comité Científico recoméndase que sempre que sexa posible se redacten en inglés.

As e os autores serán informados da decisión do Comité Científico antes do 15 de xullo de 2015, momento no que se lles remitirán instrucións detalladas para as presentacións.

COMITÉ CIENTÍFICO

Martin AUBÉ, Cégep de Sherbrooke, Quebec
Joaquín BAIXERAS, Institut Cavanilles de Biodiversitat, València
Salvador BARÁ, Universidade de Santiago de Compostela
Francisco COLOMER, Observatorio Astronómico Nacional, Madrid
Josefina F. LING, Universidade de Santiago de Compostela
Miroslav KOCIFAJ, Slovak Academy of Sciences, Bratislava
Christopher KYBA, Deutsches GeoForschungsZentrum GFZ, Postdam
Minia MANTEIGA, Universidade da Coruña
Enric MARCO, Universitat de València
Ángel MORALES, Universitat de València
Casiana MUÑOZ-TUÑÓN, Instituto de Astrofísica de Canarias
Ángel R. ARÓS, Universidade da Coruña
María de los Ángeles ROL DE LAMA, Universidad de Murcia
Ana ULLA MIGUEL, Universidade de Vigo
Jaime ZAMORANO, Universidad Complutense de Madrid